

CELEBRA NO MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS E DE SANTIAGO O DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS!

O 18 de maio estamos de celebración: é o **Día Internacional dos Museos**, este ano adicado aos “vínculos creados polas coleccións dos museos”. Por iso, propoñémosche un orixinal menú de actividades para que degustes co teu alumnado a colección do Museo das Peregrinacións dun xeito novo. Velaquí as propostas!

UNHA COLECCIÓN DE...CONTOS!

Para quen? Educación Primaria (todos os niveis) · **Cando?** Entre o 13 e o 22 de maio · **Canto dura?** 1 h.

Que ides atopar? Cadros, libros antigos, fotografías... Son moitas as coleccións que podemos crear e mesmo atopar nos espazos dos museos. A través deste especial percorrido descubriremos algunhas das pezas máis importantes do Museo, ao tempo que reflexionamos sobre a importancia das coleccións nas nosas vidas e aportamos a nosa propia experiencia como pequenos coleccionistas. Ademais, coñeceremos a unha coleccionista moi especial: unha coleccionista de contos, que nos deleitará coas súas historias conectadas coas pezas que acabamos de ver. Trátase de **María da Pontragha**, educadora social e contadora, unha das máis ligadas á tradición oral galega.

Por que non podedes faltar? Trátase dunha sesión de contacontos cargada de imaxinación e cun chisco de humor, onde descubriremos a maxia da palabra ao tempo que debatimos sobre a relevancia dos museos e as coleccións nas nosas vidas.

EXPLORADORES DE COLECCIÓN

Para quen? Primaria (todos os niveis) · **Cando?** Ao longo dos meses de maio e xuño · **Canto dura?** 1 h.

Que ides atopar? Ataviados con lupas para poder ver máis de preto e outros elementos para recoller os vosos achádegos, convertirádesvos en exploradores do Museo. Distintas mini-actividades polas salas de exposicións convidaranvos a observar detidamente as pezas, a documentar os descubrimentos, e a empregar os sentidos. Sorprenderémonos cos sons dunha cidade medieval e mesmo poderemos coñecer ao Mestre Mateo en persoa!

Por que non podedes faltar? É un percorrido polo Museo que o alumnado non vai esquecer. Enfocado en clave de xogo e descubrimento, aprenderán a fixarse nos pequenos detalles, nos espazos, e nas pezas que compoñen as coleccións, ao tempo que se divirten coas dramatizacións a aprenden historia.



Máis información e reservas en
Create Servizos Culturais (881 913 055
ou info@createsc.es)



CREARTE
servizos culturais